



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Filoloxía Clásica

Curso Académico: Curso 2017-2018

■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

■ Dimensión 1. A xestión do título

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

■ Criterio 2. Información e transparencia

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

■ Dimensión 2. Recursos humanos

■ Criterio 4. Recursos Humanos

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

M ■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Modificacións do plan de estudos

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Filoloxía Clásica
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa quedou sinalado no autoinforme de renovación da acreditación do ano 2017 e nos autoinformes de seguimento previos, o Grao en Filoloxía Clásica é titulación única no Sistema Universitario de Galicia, que atende ao importante e imprescindible ámbito dos estudos clásicos (véxase 7.1). É pois un título de referencia e mantén a súa relevancia e o seu interese académico especialmente en Galicia, pero tamén en todo o Estado Español.

Como se explica con máis detalle no apartado 6.1 deste informe, o perfil formativo establecido na Memoria de Verificación do Título conserva toda a súa vixencia e está actualizado aos requisitos do seu ámbito de estudo, xa que permite aos estudantes acadar todas as competencias básicas, xerais e específicas necesarias para unha completa formación básica no campo dos estudos clásicos.

Os estudantes acaban o Grao cunha boa formación no ámbito dos estudos clásicos e están capacitados para abordar satisfactoriamente os estudos de calquera dos Másteres profesionalizantes ou de investigación aos que poden optar. Así pois, xeralmente despois doutros estudos complementarios máis especializados, os estudantes do Grao poden acceder a diversas posibilidades laborais tanto no ámbito da docencia e da investigación, como no ámbito das actividades editoriais, dos medios de comunicación, das industrias da lingua, das actividades turístico-culturais, do traballo autónomo etc.

Por outra parte, a organización do plano de estudos baseada na combinación de módulos de Maior e Minor de forma compartida con todos os outros títulos de Grao da Facultade de Filoloxía permite ao estudante adquirir formación complementaria noutras linguas e literaturas ou en lingüística xeral ou en teoría da literatura e literatura comparada, permítille conseguir de forma fácil unha segunda titulación de Grao da oferta da Facultade e ademais ábreille o acceso a poder cursar outras moitas posibilidades de títulos de Máster dos ofertados na propia Facultade de Filoloxía, na propia Universidade de Santiago ou noutras Universidades nacionais e internacionais.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.

- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

No Informe final de avaliación para a renovación da acreditación de 28 de xullo de 2017 faciase constar que se detectaran algúns desaxustes entre a memoria verificada do Grao e as guías docentes publicadas na web da Facultade no relativo a contidos, competencias e sistemas de avaliación dalgunhas materias do Grao. Alí tamén se fai constar a acción de mellora AM-01 incluída no documento de alegacións, consistente no compromiso de revisar exhaustivamente todos os programas das materias para detectar eses desaxustes e darlles solución.

Durante o primeiro trimestre do curso 2017-2018 o Coordinador e os membros da Comisión do Grao, coa colaboración de todos os profesores/-as implicados, procederon a facer esa revisión exhaustiva e os resultados terán aplicación máis efectiva no curso 2018-2019 e corríxiranse algúns pequenos desaxustes.

Durante o curso 2017-2018 completáronse todos os trámites necesarios para levar a cabo os axustes aos que se facía referencia detallada no informe de seguimento do curso 2016-2017, relativos á modificación de carácter e de distribución cronolóxica das materias "Lingüística Indoeuropea 1", "Lingüística Indoeuropea 2", "Historia de Grecia", "Historia de Roma", "Literatura Grega 1" e "Literatura Latina 1". Eses cambios xa se empezaron a aplicar no presente curso 2018-2019 no primeiro curso do título, e íranse implantando progresivamente nos cursos sucesivos correspondentes ata completar todo o proceso.

Por outra parte, a finais do curso 2017-2018 completouse igualmente todo o traballo de revisión e actualización da Memoria do título na aplicación do Ministerio, posteriormente publicada no BOE do 18/01/2019.

Tamén durante o curso 2017-2018 procedeuse a unha revisión exhaustiva dos programas e guías docentes das distintas materias do Grado para verificar os posibles desaxustes en contidos, competencias e sistema de avaliación e cualificación respecto á Memoria verificada do título. Todos os pequenos desaxustes detectados foron xa corríxidos no proceso de programación do presente curso 2018-2019. De feito, estase a comprobar a correcta aplicación da proposta de axustes de contidos nas materias "Literatura Grega 1" e "Literatura Grega 2", "Literatura Latina 1" e "Literatura Latina 2", e "Textos Latinos 4".

Polo que a programas de mobilidade saínte se refire, véñse constatando cada curso que a participación do alumnado do título non é todo o alta que sería desexable: no curso 2017-2018 houbo 2 estudantes que participaron no programa de mobilidade Erasmus+, a pesar de facer cada ano abundantes accións de presentación dos programas animando á participación, e a pesar de estar nun centro onde hai unha moi activa mobilidade por parte dos estudantes de todas as demais titulacións (cf. a páxina web da Facultade sobre [mobilidade](#)).

En todo caso, os estudantes do título coñecen perfectamente os programas de mobilidade e as súas características e condicións, e nos últimos cursos vai habendo algún estudante implicado: no curso 2017-2018 houbo dous estudantes do título que participaron no programa de intercambio Erasmus+, mentres que houbo un no curso 2016-2017 (e chegou a haber catro no curso 2014-2015). Iso en números absolutos parece pouco, pero supón unha porcentaxe relativa estimable nunha titulación cunha media de matrícula variable entre 16 e 20 estudantes no curso habitual de saída (3º).

Como xa se comentou en anteriores ocasións, un dato importante, que fala tamén do prestixio da titulación dentro e fóra de España, é o número de estudantes de mobilidade entrante que recibe o título, unha media de 4-5 por curso, o que supón ao redor do 6-7% do total de alumnos/-as do Grao (no curso 2013-2014 subiu ao 14% e no 2014-2015 ao 18%, pero baixa de novo no ano 2017-2018, ao 10,47%; véxase o indicador IN18G-PC-08).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.

- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título conta cun coordinador do Grao e con cadanseu Coordinador das áreas máis directamente implicadas no título (Filoloxía Grega, Filoloxía Latina e Lingüística Indoeuropea). Eses coordinadores, en colaboración en primeira instancia coa Comisión do Grao, son os encargados de velar pola coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos.

Préstase especial atención ás materias máis claramente sucesivas e complementarias, como son as materias "Lingua Grega 1-2", "Textos Gregos 1-5", "Lingua Latina 1-2", "Textos Latinos 1-5", "Literatura Grega 1-2", "Literatura Latina 1-2", "Lingüística Grega 1-2", "Lingüística Latina 1-2", "Lingüística Indoeuropea 1-2".

O novo "Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC", aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017 (cf. [Regulamento](#)), establece no seu artigo 3.8 (d) que unha das funcións das Comisións dos títulos é analizar a programación das materias e supervisar que se axusta á Memoria Verificada do Título. Así pois, quedaron atendidas a recomendación do informe final de renovación e a correspondente acción de mellora proposta (AM-02), relativas a establecer claramente que Comisión é a responsable de garantir o axuste entre guías docentes e memoria do título.

Desde o curso 2013-2014 comezaron a ser implantadas as prácticas externas para os títulos de Grao na Facultade de Filoloxía como unha materia optativa equivalente a 6 créditos, pero foi no curso 2015-2016 cando foron ofertadas por primeira vez prácticas específicas tamén para o Grao en Filoloxía Clásica; ata o de agora, nin en 2017-2018 nin en 2018-2019 se ten realizado practica ningunha das ofertadas: resulta evidente que os intentos de captación de alumnado non tiveron éxito.

Continuado coa acción de mellora xa iniciada no curso 2014-2015 (véxase tamén a acción de mellora AM-5 da Memoria de Calidade) tendente a completar a oferta de prácticas externas para os estudantes do Grao en Filoloxía Clásica, durante o curso 2017-2018 fixéronse as xestións necesarias para subscribir un convenio de colaboración co Arquivo e Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela para acoller en prácticas dous estudantes do Grao, semellante ó existente para o máster de Estudos Medievales.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso dos estudantes que acceden ao título continúa a ser totalmente coherente cos criterios de acceso e admisión establecidos na memoria verificada. Nos cursos 2016-2017 e 2017-2018 o 100% dos estudantes de novo ingreso procede de Bacharelato e accede ao título a través das Probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade. Os estudantes posúen, polo tanto, a formación de partida requirida para acceder ao título (a nota media de acceso no curso 2016-2017 foi de 8,9, e o 84,62% dos estudantes tiña unha puntuación igual ou superior a 6, datos similares aos de cursos anteriores, pero no curso 2017-2018 as condicións varían lixeiramente á baixa, e a nota é de 8,67, sendo en cambio a porcentaxe de acceso con puntuación igual ou superior a 6 de 87,10%: cf. IN06G-PC-05 e 2501096_INF.CIUG_2017-2018); nas materias básicas de Filoloxía Clásica, comúns a todos os alumnos/-as dos distintos títulos de Grao da Facultade (Lingua Grega 1 e Lingua Latina 1), pártese dun nivel de esixencia mínimo de coñecementos previos da materia; de todos os modos, a situación aconsella o establecemento da proposta dunha acción de mellora, que se propón máis abaixo (AM GFC-1 (Curso

2019-2020).

Como xa se dixo no apartado 1.2, a finais do curso 2016-2017 completouse a actualización da Memoria do título, e incluíuse o número 50 como mínimo de estudantes de novo ingreso no título de acordo coa normativa autonómica ao respecto.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2017-2018 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

Ademais das normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación do título, durante o curso 2017-2018 tomouse o seguinte acordo do Consello de Goberno:

- Acordo do Consello de Goberno do 24-05-2018, polo que se aproba a Modificación do acordo sobre recoñecemento de estudos realizado en réxime de intercambio aprobado polo Consello de Goberno do 3 de marzo de 2017.
<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16767>

Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento dos títulos de grao ou mestrado.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía e mais na da USC.

Neste curso non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de publicación de información na web.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2017-2018, todos os mecanismos para a recollida de información, análise, detección de debilidades, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas se seguiron e desenvolveron segundo o establecido.

A comisión do Grao en Filoloxía Clásica, a Comisión de Títulos de Grao e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título (vid. actas correspondentes). A comisión do Grao en Filoloxía Clásica celebrou as reunións previstas no seu calendario, aprobado o 19 de marzo de 2018. A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando puntualmente: <http://www.usc.gal/ql/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese, e realizáronse dúas enquisas:

- (1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade etc. Isto permite, por exemplo, orientar as campañas de captación do alumnado.) [Evidencias: Informe estudantes de novo ingreso.pdf; Anexo I informe estudantes de novo ingreso.pdf].
- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados, pero tamén co procedemento en xeral (titorización, avaliación etc.).

Observación: aínda que o número de enquisas é baixo (7), porque baixo é o número de TFG que deron pé ás estadísticas, os datos son moi significativos, como se ve no documento GFC_Informe_satisf_TFG 17-18.pdf:

A maioría está de acordo coa atención que o titor lle ten prestado, coas lecturas e co traballo autónomo, e outorga a puntuación máxima; 5/7 senten a necesidade dunha actividade formativa en xestión de recursos bibliográficos e en técnicas de presentación formal; 4/7 senten esa necesidade respecto a técnicas de exposición oral, e 2/7 senten necesidades de axuda para redactar correctamente un documento e para manexar bases de datos. Só 1/7 pensa que sería importante unha actividade de introdución ó uso de software de ofimática.

A maioría tamén reconece o valor do TFG como experiencia para a aprendizaxe de metodoloxía de traballo científico (definición de obxectivos: 3/7= 4; 5/7= 5). (Capacidade para buscar e seleccionar información relevante: 1/7= 4; 6/7= 5; as mesmas cualificacións para o uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos que sexan pertinentes...). No recoñecemento da capacidade para organizar a información, 3/7= 4 e 4/7= 5, o que é moi bo resultado. No apartado da autocrítica e capacidade para identificar as limitacións e/ou carencias do traballo, os resultados amosan certa dispersión: 1/7= 3 e tamén 4, e 5/7= 5.

No que se refire á obtención das competencias recollidas na Memoria, a maioría reconece unha certa fluidez gramatical (4/7= 4; 2/7= 5; 1/7= 1) ou das variedades do grego e do latín (1/7= 1; 3/7= 3; 1/7= 4; 2/7= 5). O panorama cambia respecto ó coñecemento teórico e profundo das literaturas grega e latina (5/7= 4; 2/7= 5).

Hai unanimidade respecto á dedicación do titor prevista na normativa, aínda que a maioría estaría satisfeita con algo máis de tempo.

A satisfacción coas informacións administrativas recollidas na web dispérsase un pouco nos resultados: 2/7= 1; 2/7= 4 e 3/7= 5, case coma a utilidade dos documentos colgados na web do centro: 2/7=1; 1/7= 3; 1/7= 4 e 3/7= 5.

O grao de satisfacción é alto. Sobre a información recibida, o nivel de satisfacción é 2/7= 2; 2/7= 2 e 3/7= 5; a satisfacción na relación co titor é óptima 7/7= 5. O sistema de avaliación, en cambio, provoca dispersión: 2/7= 3; 3/7= 4 e 2/7= 5.

A satisfacción global é cáseque unánime: 1/7= 4 e 6/7= 5.

En relación coas enquisas de satisfacción que se distribúen desde a ACMP, o centro sempre procura contribuír a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa do hall, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Desde a coordinación do título utilízase con frecuencia a aula virtual de coordinación para avisar dos procesos de elaboración das enquisas de satisfacción, e para chamar a atención sobre a importancia deses procesos e animar á participación.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións (incluída a caixa de suxestións, queixas e felicitacións que se puxo en marcha en febreiro de 2018) desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

As accións destinadas a fomentar a participación nas enquisas de satisfacción parecen dar bos resultados, xa que no curso 2017-2018 a participación do alumnado foi do 50,39% marcando unha tendencia clara a aumenta-la participación, aínda que, respecto ó curso anterior, perdérase un 5%: 2013-2014: 44.44%; 2014-2015: 48.62%; 2015-2016: 45.45% 2016-2017: 55.34% (cf. IN48G-PM-02).

O importante documento 2501096_INF.13_2017_2018.pdf amosa que, aínda que con algún atranco puntual, se está a andar no bo camiño, porque o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é satisfactoriamente alto, e sinala unha tendencia positiva en todas as preguntas desde 2013-2014 ata 2017-2018; a contrapartida vén marcada polos datos do documento 2501096_INF.14_2017_2018.pdf, que é o Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, que marca unha clara tendencia á baixa nas valoracións.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2017-2018 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC.

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso 2016-2017, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión extraordinaria celebrada o 26/07/2018. O mesmo día 26/07/2018 a Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía ratificou esta aprobación.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2017-2018 e anteriores, son públicos e accesibles en <http://www.usc.gal/ql/centros/filoloxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de interese poden acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con data de 22/02/2018 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Sistema de Garantía de Calidade marco, co fin de simplificar e mellorar a súa operatividade. Este redeseño do SGC marco consistiu en:

1. Eliminar aqueles procesos en que os centros non teñen competencias, creando un nivel institucional.
2. Adaptalo ás incorporacións doutros centros, como as Escolas de Doutoramento Internacional ou o CIEDUS.
3. Eliminar aqueles procesos que se consideran suficientemente descritos na normativa correspondente.
4. Dotar o sistema dunha maior flexibilidade, adaptándose ás necesidades específicas de cada centro.

O novo SGC dispón dun breve manual da USC, pero tamén contempla un manual do sistema para os centros, onde se detalla o alcance, a estrutura e os detalles do seu funcionamento. En canto ao Manual de Procesos e Procedementos, créanse 8 procesos a nivel institucional e déixanse só 13 a nivel de centro, fronte ao antigo manual, exclusivamente de centro, que contaba con 22 procesos e 26 procedementos.

Estableceuse o prazo dun ano desde a data de aprobación para que os centros axustasen o seu sistema á nova documentación. Co fin de organizar as tarefas de adaptación, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos anunciou un calendario de reunións coas Comisións de Calidade dos centros. Porén, como consecuencia da celebración de eleccións a reitor/a e os subseguintes cambios no equipo de goberno e na propia ACMP, estas reunións non chegaron a producirse, de xeito que aínda se atopa pendente todo o proceso de adaptación ao novo SGC marco da USC.

Por último, polo que se refire particularmente á Facultade de Filoloxía, cómpre mencionar que se está a elaborar un novo Regulamento de Réxime Interno. A Comisión nomeada a tal efecto pola Xunta de Facultade na súa sesión de 30/05/2017 está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento, pero foi preciso adiar a

data de remate que se establecera inicialmente, de xeito que se prevé que as tarefas rematen antes da finalización do curso 2018-2019.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Un dos puntos fortes do título é que conta con profesorado suficiente e altamente cualificado (cf. indicadores sobre sexenios IN24G-PS-01, sobre PDI doutor IN25G-PS-01, e sobre PDI funcionario IN26G-PS-01). Profesorado adecuadamente cualificado encárgase especialmente das materias de primeiro curso, e todo o profesorado específico de Filoloxía Grega, Filoloxía Latina e Lingüística Indoeuropea participa na titorización e avaliación dos Tráballos Fin de Grao (véxase máis arriba 3.1 (2), [TFG](#) e Doc_E24).

Cabe salientar que os profesores do título (no Grao) destacan sobre o resto en participación en plans de formación: despois dun pico en 2015-2016 (29,79%) esta baixou a 23,36% en 2016-2017, para subir de novo a 28,57% en 2017-2018: cf. 5040_I6-I7_2017-2018.pdf.

Ofrécese a continuación algunha información xeral da Facultade correspondente ao curso 2017-2018:

(i) Mobilidade do profesorado: Ao longo do curso 2017-2018 tiveron lugar unhas 385 accións de mobilidade do PDI do centro (un pouco inferior aos cursos anteriores: 2014-2015: 425; 2015-2016: 430; 2016-2017: 426):

- (a) Investigación: a maior parte das accións realizadas gardan relación coa formación e coa investigación: asistencia a congresos, estadias de investigación etc.; 322 accións (84% aprox. do total; proporción semellante á do curso 2016-2017: 88%).
- (b) Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.; arredor de 63 accións.

Fronte a estes datos, cabe sinalar que non houbo ningunha participación en accións de mobilidade en 2017-2018, fronte a un 6,52% (=30) en 2016-2017.

(ii) Profesores/as e investigadores/as visitantes: durante o curso 2017-2018, a Facultade acolleu a un total de 19 profesores/as investigadores/as visitantes, procedentes de universidades de Brasil, China, Estados Unidos, Francia, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal e Reino Unido, así como doutras universidades galegas e españolas (A Coruña,

Salamanca, Valencia e Vigo). Estes/as profesores/as desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro e case a metade deles (8 de 19) realizaron estadias superiores a un mes de duración.

(iii) Actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade: durante o curso 2017-2018 celebráronse na Facultade un total de 49 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

(iv) Incorporación de persoal investigador en formación: Durante o curso 2016-2017 a Facultade incorporou 11 novos contratados predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas (axudas de apoio á etapa predoutoral do plan galego). Un deses contratados FPU pertence á sección de Filoloxía Clásica. No curso 2017-2018 os grupos de investigación vinculados ó Grado contan con 7 investigadores en formación e perfeccionamento.

Desafortunadamente, como se vén sinalando nos sucesivos autoinformes, durante os últimos anos producíronse varias baixas no cadro de PDI do título por xubilación ou defunción e non se produciu, en cambio, ningunha incorporación de PDI de carácter estable, que permita garantir a necesaria sucesión xeracional de forma natural e, polo tanto, o mantemento a longo prazo de PDI suficiente e cualificado.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se vén sinalando nos informes de seguimento de cursos anteriores, o cadro de Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. En todo caso, a Facultade segue a reiterar a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

No que se refire ás enquisas de satisfacción, a diferenza dos cursos anteriores, no curso 2017-2018 realizáronse de maneira separada ao persoal da Biblioteca e ao persoal adscrito á Unidade de Xestión de Centros e Departamentos. En todo caso, cómpre destacar o descenso na participación: o 46,2 % fronte ao 57,7% do curso 2016-2017. Con respecto aos resultados, apréciase un lixeiro ascenso na satisfacción relativa ao sistema de reparto de cargas de traballo (4, fronte a 3,6 do curso 2016-2017), ao sentimento de pertenza a un equipo de traballo (4, fronte a 3,8 do curso 2016-2017) e á facilidade para expresar opinións (4,17, fronte a 3,73 do curso 2016-2017).

En canto á participación do PAS en actividades formativas, produciuse un aumento na participación (44% en 2017, fronte ao 33% de 2016). Polo que atinxe á satisfacción coa formación recibida, a valoración mantense nos niveis de anos anteriores (3,99 en 2017, fronte a 3,91 de 2016 ou 3,99 de 2015).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2017-2018, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

(i) **Biblioteca:** Os datos correspondentes ao ano 2018 (segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

Total de títulos de monografías en papel: 163.476

Total de volumes de monografías en papel (a 31/12/2018): 202.355

Volumes de monografías en papel ingresados en 2018: 1.656

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.737

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 396

Total de documentos catalogados en 2018:

- monografías: 1.656
- publicacións periódicas: 1
- analíticas de monografías e de publicacións periódicas: 592

Volumes prestados no centro: 50.692

Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 47.456

(ii) Melloras no equipamento e infraestruturas:

Durante o curso 2017-2018 continuouse coa política que vén desenvolvendo a Facultade nos últimos anos de mellora constante das súas infraestruturas e do seu equipamento para a docencia. As melloras máis significativas do curso obxecto de informe son as seguintes:

(a) Renovación de equipamento informático:

- Substitución de canóns e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición de discos duros SSD para os ordenadores das aulas e seminarios de docencia.
- Adquisición dunha pantalla intelixente para a nova aula de docencia B10 (*vid. infra*).
- Adquisición de ordenadores portátiles para a docencia e para préstamo da biblioteca.
- Adaptación dos auriculares da aula do laboratorio de idiomas B04.

(b) Acondicionamento dos espazos docentes:

- Conversión do antigo despacho B10 nunha aula para a docencia.
- Insonorización da sala de videoconferencia B03.
- Vernizado das tarimas das aulas.
- Colocación de estores nalgunhas aulas e en salas de traballo.

(c) Adquisición de mobiliario:

- Adquisición de mobiliario (mesas, cadeiras etc.) para a nova aula de docencia B10.
- Adquisición de taboleiros modulares para o vestíbulo.

(d) Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade (10.000€ do orzamento descentralizado do ano 2018).

(iii) Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao estudiantado:

Durante o curso 2016-2017, a Facultade aprobou un **Plan de Acción Titorial (PAT)**, que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudiantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. A continuación ofrécese un resumo das actividades desenvolvidas no ámbito do PAT durante o curso 2017-2018:

(a) Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade:

(a.1) Participación do PDI da Facultade en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*.

*Datos extraídos da memoria *A Ponte entre o ensino medio e a USC 2017-2018*:*

<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria-2017-2018.pdf>

(a.1.1) Charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia:

ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla “O patrimonio lingüístico: ¿de quen é a lingua?”

- IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)
- IES EDUARDO PONDAL (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla “Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fraseoloxía galega”

- IES TORRENTE BALLESTER (Pontevedra)
- IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)
- IES FELIX MURIEL (Rianxo - A Coruña)
- CPR LOS SAUCES (Pontevedra)

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla: “Por qué nos chamamos así? Os apelidos galegos”

- IES TERRA DO XALLAS (Santa Comba - A Coruña)
- IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)
- IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo)

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla “Linguas en contacto”

- IES AS INSUAS (Muros - A Coruña)
- IES URBANO LUGRÍS (Malpica de Bergantiños - A Coruña)
- IES ALFOZ-VALADOURO (Lugo)
- IES MENDIÑO (Redondela – Pontevedra)

JOSÉ VIRGILIO GARCÍA TRABAZO (Área de Lingüística Indoeuropea)

Charla “Lingüística Indoeuropea: reconstruíndo a prehistoria das nosas linguas e culturas”

- IES TORRENTE BALLESTER (Pontevedra)
- IES CAMILO JOSÉ CELA (Padrón - A Coruña)
- IES A PINGUELA (Monforte de Lemos – Lugo)

LAURA MARÍA LOJO RODRÍGUEZ (Área de Filoloxía Inglesa)

Charla “William Shakespeare”

- IES ALFOZ-VALADOURO (Lugo)
- IES DE PONTE CALDELAS (Ponte Caldelas – Pontevedra)
- IES DE QUIROGA (Quiroga – Lugo)

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA (Área de Filoloxía Inglesa)

Charla “Teenager language, a linguaxe adolescente”

- IES Nº 1 (Ribeira – A Coruña)
- IES AS INSUAS (Muros - A Coruña)
- IES Nº 1 O Carballiño (O Carballiño – Ourense)

- IES CABO ORTEGAL (Cariño - A Coruña)
- IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)

XULIO SOUSA FERNÁNDEZ (Área de Filoloxías Galega e Portuguesa)

Charla “Como coñecemos a orixe das palabras”

- IES ANTONIO FRAGUAS (Santiago de Compostela - A Coruña)
- IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)
- CPI DE MONDARIZ (Mondariz – Pontevedra)
- CPR OBRADOIRO (A Coruña)
- IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ (Vilagarcía de Arousa – Pontevedra)

TANIA VÁZQUEZ GARCÍA (Investigadora)

Charla “As mulleres medievais do Noroeste Peninsular: mitos e realidades...”

- IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo)
- IES ANXEL FOLE (Lugo)
- IES LUIS SEOANE (Pontevedra)
- IES MARUXA MALLO (Ordes - A Coruña)
- IES DE BRION (Brión - A Coruña)

(a.1.2) Encontros na USC 2017-2018:

Os días 6, 7 e 8 febreiro de 2018 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 3.356 estudantes de 63 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar.

Visitaron a Facultade de Filoloxía un total de 354 estudantes, que foron recibidos polos responsables do centro, os coordinadores dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.

(a.2) Participación nas XXVI Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio). 06/04/2017. Profa. Susana Jiménez Placer.

(a.3) Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade (folletos, trípticos e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (abril-maio de 2018).

(b) Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:

(b.1) Sesión de benvinda aos **estudantes de novo ingreso** (11/09/2017).

(b.2) Xornada informativa sobre a **oferta de módulos complementarios e optativos** para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos (17/04/2018).

(b.3) Sesión informativa sobre o **TFG** para estudantes de cuarto curso (12/09/2017).

(b.4) Sesións informativas sobre as convocatorias de **programas de mobilidade** de estudantes:

- 13/12/2017: Sesión informativa sobre o programa Erasmus+, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos. Esta sesión, que incluíu tamén información sobre o procedemento de asignación de prazas do programa, complementou a organizada polo persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC o día 21/11/2017 na Facultade de CC. Económicas e Empresariais para todo o estudiantado do Campus Norte.

- 06/02/2018: Sesión informativa sobre convenios bilaterais e o programa SICUE.

(b.5) Xornada informativa sobre a **oferta de estudos de mestrado** da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudantes de cuarto curso (17/04/2018).

(b.6) Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (12/09/2017).

(c) Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos:

(c.1) Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuatrimestre (Vicerreitora de Internacionalización e membros do equipo decanal) (13/09/2017 e 22/01/2018).

(d) Empregabilidade e orientación profesional

(d.1) Xornada *Móvete* (11/04/2018) Programas de Prácticas Internacionais, Recursos e Oportunidades de Traballo e Mobilidade para a Mocidade. Área de Orientación Laboral e Emprego, VR de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social.

(d.2) Xornadas de empregabilidade da Facultade de Filoloxía (6-7/06/2018):

- Que se espera de ti no mundo profesional? Prepárate para saber que mostrar no teu CV.
- Es o que compartes na Rede!
- Técnicas de selección de persoal.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os estudantes manifestan un alto grao de satisfacción coa formación xeral recibida na titulación (4,25 sobre 5,0, fronte a 3,6 na media da USC: IN46G-S01-PM-01), e valoran moi positivamente o grao en que o título lles permitiu adquirir, non só as competencias específicas previstas, senón tamén as competencias máis xerais e transversais: capacidade para a aprendizaxe autónoma, etc.

No que se refire á credibilidade dos resultados, a enquisa é fiable porque a porcentaxe de participación en 2017-2018 é satisfactoria (50,39%) e a valoración global de 4,25, fronte a unha participación do 55,34% de 2016-2017, pero cunha valoración global de 4,12.

Os aspectos máis salientables dos resultados son aqueles nos que se valoran a actitude dos profesores respecto das súas materias: explicación do programa e dos sistemas de avaliación: 4,41 (con tendencia á alza desde 2012-13); cumprimento do programa e do plan de traballo: 4,41 (con tendencia á alza desde 2012-13) materiais didácticos de apoio: 4,28 (con tendencia á alza desde 2012-13); recursos didácticos empregados: 4,19 (con tendencia á alza desde 2012-13); motivación da participación crítica dos estudantes nas clases: 4,16 (con tendencia á alza desde 2012-13); favorece o desenvolvemento das capacidades persoais de expresión e crítica: 4,13 (con tendencia á alza desde 2012-14); organización das clases e das ideas: 4,18 (con tendencia á alza desde 2012-13).

Onde a enquisa resulta máis positiva é nas respostas ás cuestións relativas á competencia e á axilidade do profesor: así, "resolve as dúbidas que se lle formulan" acadou a nota máis alta: 4,49 (con tendencia á alza desde 2012-14) e "consegue facerme ver a relevancia da materia": 4,24 (con tendencia á alza desde 2013-14: 3,94 ata 2017-2018 4,24). Porén, os resultados acusan unha certa falta de coordinación entre docentes, se hai máis dun docente nunha materia: 3,81 (con tendencia xeral á alza desde 2012-13), pero con picos nas valoracións: hai unha caída en 2015-2016: 3,56 e logo unha recuperación lenta: 2016-2017: 3,76 ata chegar ós 3,81 do curso 2017-2018.

En xeral, os tres aspectos valorados da actitude dos docentes acadan unha valoración moi positiva (sempre superior a 4,20, e sempre mellorando respecto ós anos pasados).

Os estudantes acaban o Grao cunha boa formación no ámbito dos estudos clásicos e capacitados para abordar satisfactoriamente os estudos de calquera dos Másteres profesionalizantes ou de investigación aos que poden optar, varios deles ofertados pola propia Facultade de Filoloxía da USC, desde o *Máster de Formación de Profesorado* ata Másteres máis multidisciplinares, como o *Máster en Estudos Medievais*, o *Máster en Lingüística Aplicada* ou o *Máster en Estudos da Literatura e da Cultura*, ou algún Máster máis específico, como o *Máster en Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia* da Universidade de Salamanca, coa que a sección de Filoloxía Clásica da USC ten un convenio de

colaboración no ámbito dos estudos de doutoramento.

Os estudantes acaban, pois, capacitados para, xeralmente despois doutros estudos complementarios máis especializados, acceder a diversas posibilidades laborais tanto no ámbito da docencia e da investigación, como no ámbito das actividades editoriais, dos medios de comunicación, das industrias da lingua, das actividades turístico-culturais, do traballo autónomo etc. As numerosas posibilidades que abre o estudo do legado clásico no mundo actual e as diversas profesións nas que poden acabar estudantes de Filoloxía Clásica quedan postas de relevo en traballos bastante recentes coma a tese de Ana Rodríguez Martínez do ano 2012 que é o mellor estudo de conxunto sobre empregabilidade en España según os criterios da ANECA (cf. doc-1.pdf), ou en páxinas como <https://portalclasico.com/salidas-profesionales-para-filologia-clasica> e, dende unha perspectiva universitaria, a excelente web da universidade de Granada en: http://grados.ugr.es/clasica/pages/salidas_profesionales.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se comentou de forma repetida en autoinformes anteriores, na memoria verificada do título propoñíase unha oferta de 20 prazas para alumnos/-as de novo ingreso por curso, coa perspectiva de que puidese chegar a 25 nos primeiros anos de implantación do Grao, porque esa era a previsión que se podía facer tendo en conta a demanda media nos cursos que levaba impartíndose a correspondente licenciatura en Filoloxía Clásica na USC desde o ano 1971, incluso en momentos de grande oferta de postos de traballo específico no ensino secundario e de bacharelato. En torno a 20 alumnos/-as vén sendo o número de estudantes de novo ingreso no Grao nos anos que leva implantado: 23 no curso 2013-2014, 16 no 2014-2015, 22 no 2015-2016, 28 no 2016-2017 e 33 no 2017-2018 (IN05G-PC-05).

Como se pode comprobar, as boas prácticas que se veñen desenvolvendo para dar publicidade ao título veñen producindo a eficacia esperable, xa que o número de alumnos/-as de novo ingreso foi aumentando nos últimos cursos (véxase 5040_Informe_de_indicadores_2017_18).

Esas boas prácticas son as varias actividades que de seguido se detallan, realizadas polo profesorado da sección de Filoloxía Clásica do Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana da USC durante o curso 2017-2018:

- Elaboración e distribución de folletos informativos específicos sobre o título.
- Campañas de información e publicidade en Instagram e en Ads:
cf. <https://graofiloxiaclasica.wordpress.com/acerca-de/>
- Charlas en centros de Secundaria e de Bacharelato (algunhas, como xa se comentou máis arriba, a través do programa "A Ponte entre o ensino medio e a USC").
- Actividades varias en colaboración con SEEC-Galicia: festival de teatro en Lugo, A Coruña e Ourense (6.400 espectadores), Olimpíada de tradución de textos clásicos (103 participantes), concurso de cultura clásica Odisea (837 participantes en Galicia e 4.601 en toda España), diversos talleres de cultura clásica (ao redor de 500 participantes).

Os indicadores dos distintos resultados do curso 2017-2018 amosan, en xeral, unha boa situación do título que se vén mantendo nos últimos cursos:

a taxa de éxito é do 80,29% (IN35G-S01-PM-01),

a de rendemento é do 66,75% (IN34G-S01-PM-01),

a de avaliación é do 83,13% (IN36G-S01-PM-01),

a de eficiencia é do 94,28 % (IN39G-S01-PM01),

a de éxito dos egresados é do 93,29% (IN50G-S01-PM-01),

a de eficiencia dos egresados é do 93,29% (IN39G-S01-PM-01),

e a duración media dos estudos supera en pouco os 4 cursos de duración normal dos estudos: 4,75 (IN38G-S01-PM-01).

Os indicadores que ofrecen cifras menos positivas son, como xa se vén rexistrando nos sucesivos autoinformes, os relativos á taxa de abandono e, por conseguinte, á taxa de graduación. Como xa se ten comentado en anteriores informes, a alta taxa de abandono en primeiro curso é un fenómeno que afecta por igual aos títulos de Humanidades en xeral e de Filoloxía en particular, e os resultados porcentuais acaban sendo necesariamente máis elevados e flutuantes cando o número de matrícula de referencia é máis pequeno. Precisamente no curso 2017-2018 a taxa de abandono en primeiro curso baixou acentuadamente a un 35,00% desde o 46,15% do curso 2016-2017. En cambio a taxa de abandono RD 1393/2007, que toma en consideración datos herdados de cursos anteriores, pasou do 34,78% do curso 2016-2017 ao 45,00% no curso 2017-2018.

No informe de seguimento do curso 2016-2107 propoñíase a acción de mellora GFC-3 consistente en facer un seguimento directo do alumnado de 1º curso por parte dos profesores das materias específicas de Filoloxía Clásica e do Coordinador do título. Iso permitiu constatar que 6 estudantes non acudiron á aula en ningún momento do curso. Os intentos de contacto con eses estudantes por parte do profesorado das materias e por parte do Coordinador do título non obtiveron ningún tipo de resposta, a excepción dun caso, no que o estudante manifestou que se matriculara no Grao en Filoloxía Clásica por matricularse en algo, pero sen interese por cursalo, xa que a súa opción era o Grao en Historia da Arte. Tamén o Coordinador do título celebrou dúas sesións presenciais cos alumnos de primeiro curso a mediados de cada un dos semestres e tamén mantivo contactos constantes a través da Aula Virtual de coordinación. A falta de colaboración dos estudantes implicados impediu que a acción resultara realmente eficaz; sen embargo púidose constatar que dous aspectos que se poden converter en causa de abandono eran: (1) a incorporación dos estudantes despois da convocatoria de setembro nas probas de acceso á Universidade, cando xa as clases das materias do primeiro semestre ían bastante avanzadas; (2) ese problema víase ademais agravado, no caso das materias de lingua grega e de lingua latina, para os estudantes con ningún nivel ou con baixo nivel previo.

A unificación, por fin, dos calendarios de segundo de Bacharelato, de probas de acceso en xuño e xullo e de Universidade neste curso 2018-2019 na Comunidade de Galicia deberá eliminar o grande inconveniente antes mencionado e que era o primeiro dos problemas dos estudantes que iniciaban estudos no GFC.

O problema do distinto nivel co que os estudantes acceden ás materias iniciais do Grao: Lingua Grega 1 e Lingua Latina 1, aconsella propoñer a Acción de mellora GFC-1 consistente na posta en marcha dun programa de axuda específica e titorización personalizada dos estudantes con menor nivel, para facilitarlles o seguimento adecuado das materias. Esta acción aplicarase no curso 2019-2020 por razóns obvias de calendario.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida (IN46G-S01-PM-01) continúa sendo en 2017-2018 de moi alto nivel: 4,25 sobre 5, fronte a 4,1 sobre 5,0, do ano pasado, igual que nos cursos anteriores 2015-2016 e 2014-2015. Ademais a valoración é moi positiva en todos os aspectos da docencia considerados. Hai que notar que o grao de participación do alumnado na resposta ás enquisas vén sendo alto grazas ás canles de contacto e seguimento establecidas desde o título: acadouse o 50,39% de participación no curso 2017-2018.

Tamén é alta en xeral, en 2017-2018, a satisfacción do alumnado cos principais aspectos da titulación, fundamentalmente coa docencia recibida (IN46G-S01-PM-01): información, orientación e atención ao alumnado (4,1), adquisición de competencias (4,6), planificación e desenvolvemento das ensinanzas (4,3), recursos materiais e servizos (3,44), xestión de calidade (4,8), aínda que o índice de participación do 50,39%, coma xa se ten indicado, obriga a ponderar a valoración global. .

O mesmo ocorre coa satisfacción do profesorado respecto ao título: información sobre obxectivos e competencias e grao de adquisición (4,3), planificación e desenvolvemento das ensinanzas (3,6), recursos humanos, materiais e servizos

(4,1), orientación ao alumnado (4,8), xestión da calidade (3,9).

A valoración global do profesorado respecto á docencia impartida é igualmente boa, alta en todos os aspectos considerados: 3,8 (IN47G-S01-PM-01).

Pola súa parte, a valoración dos egresados en 2017-2018 (IN42G-S01-PM-01) coa titulación e o centro é de 2,87: convén, sen embargo, notar que esa valoración baséase nun baixo número de respostas ás enquisas de satisfacción dos egresados (27%).

A satisfacción do persoal de administración e servizos da Facultade co traballo desenvolvido continúa nun moi aceptable nivel igual ao de cursos anteriores: 3,5 (IN49C-PS-01).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Comunidade de Galicia continúa sen haber convocatoria dunha mínima oferta pública de prazas de profesorado desde o ano 2008 para Grego e desde o ano 2010 para Latín, o que segue a ser sen dúbida un dos principais motivos en contra do atractivo de cursar o Grao en Filoloxía Clásica en Galicia.

Como xa se comentou no autoinforme de renovación da acreditación, non se dispón de suficientes datos oficiais sobre inserción laboral: polo intercambio de información desde a Coordinación do título cos egresados, tense coñecemento de que unha grande maioría continúa a súa formación en Másteres da USC ou de fóra da USC, especialmente no Máster de Formación de Profesorado.

Cabe a posibilidade, á luz do estudo que se contén no Doc-1.pdf, de que a análise conxunta, para 2017-2018 (pero tendo en conta tamén os datos dos cinco últimos cursos), dos datos dos documentos IN35G-S01-PM-01 (Taxa de éxito (80,29)), IN36G-S01-PM01 (Taxa de avaliación (83,13)) e a tendencia amosada polos datos do documento IN39G-S01-PM-01 (Eficiencia dos titulados), é moi probable que confirme unha certa tendencia de signo positivo no futuro do GFC dende o punto de vista dunha eventual empregabilidade, non sempre visibles para os estudantes, aínda que, como se sinala no apartado 6.1, son varias as posibilidades laborais ás que pode conducir o Grao en Filoloxía Clásica, é innegable que o ensino é un destino prioritario para moitos dos estudantes, e son varios xa os anos nos que a Xunta de Galicia non fixo convocatoria de emprego público para prazas relacionadas directamente coa Filoloxía Clásica. Algúns egresados acabaron optando por presentarse a prazas afíns convocadas no último ano pola Xunta de Galicia ou acudindo ás convocatorias de emprego público de prazas de Filoloxía Clásica que si se fixeron noutras Comunidades de España. Sen dúbida, contribuiría a producir unha grande regularización da inserción laboral dos egresados do Grao unha convocatoria regular e continuada por parte da Xunta de Galicia dun número mínimo de prazas necesarias para ir cubrindo as esixencias do ensino das materias de Filoloxía Clásica nos centros públicos de secundaria e de bacharelato de Galicia.

3. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Doc-2..pdf
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Doc-3.pdf
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para	Autoinforme, Criterios 1 e 6

		valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501096_P.Ind_2017-2018
			2501096_INF.16_2017-2018
			2501096_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501096_P.Ind_2017-2018
			5040_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as	Web do Centro

		directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501096_P.Ind_2017-2018
			2501096_INF.04_2017-2018
			5040_INF.05_2017-2018
			2501096_INF.06_2017-2018
			2501096_INF.07_2017-2018
			2501096_INF.08_2017-2018
			2501096_INF.09_2017-2018
			5040_INF.10_2017-2018
			5040_INF.11_2017-2018
			2501096_INF.13_2017-2018
			2501096_INF.14_2017-2018
			5040_INF.21_2017-2018

			2501096_INF.22_2017-2018
			2501096_INF.23_2017-2018
			2501096_Informe_de_indicadores_2017-2018
3	15		2501096_P.Ind_2017-2018
			2501096_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501096_E15_2017-2018
4	E1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2017-2018
4	E1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	16	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2017-2018
4	17	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2017-2018
4	18	Resultados das enquisas de	2501096_INF.13_2017-2018

		avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501096_INF.14_2017-2018
4	110	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2017-2018
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra_informacion/practicas_externas/practicas.html
5	111	Distribución alumnado por centros de prácticas	http://www.usc.es/gl/centros/filoxia/outra_informacion/practicas_externas/practicas.html
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	TFG (GFC).pdf
6	E25	Informes/listaxe das calificacións	2501096_INF.15_2017-2018

		de cada unha das materias do título	
6	E2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E3 0	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I1 2	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501096_P.Ind_2017-2018
			2501096_INF.17_2017-2018
			2501096_INF.18_2017-2018
			2501096_INF.19_2017-2018
			2501096 _INF_SIIU_2017-2018
			2501096 _Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I1 3	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501096_P.Ind_2017-2018
			2501096_INF.CiUG_2017-2018
			2501096_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I1 4	Resultados de inserción laboral	2501096_EIL-SIIU_2017-2018
1,4,5	I1 5	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2501096_P.Ind_2017-2018 2501096 _Informe_de_indicadores_2017-2018 2501096 _MedUSC_2017-2018